



MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS DE BNG E ACB RELATIVA AO ESTABLECE- MENTO DUN CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA PARA A CONSECUCIÓN DE VI- VENDA PROTEXIDA NO TERMO MUNICIPAL DE BUEU

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década a vila de Bueu foi medrando urbanisticamente coa correspondente consecución de novos servizos e infraestruturas que melloran a calidade de vida da cidadanía. O mercado inmobiliario, lonxe de contribuír a que estes avances conlevasen un incremento da poboación de dereito, é dicir a que está censada na nosa vila, supuxeron un incremento de poboación estacional, que foi a principal destinataria das construcións levadas a cabo polo promoción privada.

O excesivo prezo do solo na nosa vila fai que o valor que se ven pagando polas vivendas que se pu- xeron no mercado nos últimos anos tivese un valor moi alto, polo que se tratou dun impedimento para que persoas mozas ou con escasos recursos puideran acceder a vivendas en propiedade, non existindo tampouco un parque de alugueiro suficiente para facer fronte á demanda.

As entidades locais contan con instrumentos de planificación que sirven para poder levar a cabo de xeito ordenado as políticas públicas de vivenda no ámbito máis próximo. A aprobación do Plan Xe- ral de Ordenación Urbana Municipal (Pxom) no ano 2018 supón un instrumento perfecto para levar a cabo actuacións sobre o mercado da vivenda, co cal o Concello de Bueu podería chegar en cinco anos a contar con 100 edificacións de promoción pública en diferentes ámbitos da nosa vila. Neste aspecto froito das políticas locais urbanísticas dos últimos anos na zona das Lagoas o Concello de Bueu xa conta a día de hoxe con varios solares destinados para vivenda de titularidade municipal, nos que será posible levar a cabo a promoción pública de arredor de 40 vivendas.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (Igvs) ten establecidas entre outras funcións a relación con outros órganos, estatais, autonómicos ou locais para a execución da política de vivenda. Neste as- pecto os plans autonómicos en materia de vivenda e solo deben establecer a programación da cons- trución de vivendas de promoción pública. O propio Igvs conta coa posibilidade da sinatura de con- venios coa Administración estatal, autonómica ou local para levar a cabo as citadas políticas, tal como se ten feito nos últimos anos en grandes cidades e vilas medianas e pequenas.

Por todo o exposto desde os grupos de Bng e Acb propoñemos ao pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º- Instar á Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo a asinar un convenio de colaboración co Concello de Bueu para a promoción pública de vivenda protexida a través da xestión do organismo autonómico.

2º- Crear unha Comisión Informativa especial de vivenda para desenvolver un Plan Municipal de Vivenda protexida para os vindeiros anos.

En Bueu a 12 de marzo de 2021.

VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

XOSÉ LEAL FARIÑA

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE ACB

JULIO VILLANUEVA GONZÁLEZ